

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE CORTEGADA PARA O PROXECTO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E PRAZA DE ACCESO AO BALNEARIO HISTÓRICO DE CORTEGADA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Cortegada o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Cortegada para o proxecto de mellora da seguridade viaria e praza de acceso ao balneario histórico de Cortegada.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega.



Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- O Concello de Cortegada é consciente de que o seu Patrimonio é o seu máis grande ben, entendendo Patrimonio no seu senso máis amplo, é dicir, o conxunto de bens dunha comunidade, incluíndo nese conxunto tanto os bens herdados como os de nova adquisición, tanto os naturais como os culturais. Partindo desta base o Concello de Cortegada está levando a cabo, dende fai anos, unha serie de iniciativas cun obxectivo común: por en valor, é dicir, rendibilizar o seu Patrimonio para dalo a coñecer, conservalo e para a promoción turística.

O Balneario de Cortegada, elemento catalogado como ben de interese cultural, é sen lugar a dúbida o enclave de promoción turística do “Medio Miño” máis importante da provincia de Ourense.

A edificación ten a súa orixe no século XIX, coa construción duns stands de madeira desmontables segundo a extensión da época de baño, que estaban situadas na ribeira do Río Miño e que as crecidas facían trasladar todos os anos.

A constante afluencia de visitantes tanto no período estival como invernal, propiciaron nestes últimos anos actuacións encamiñadas a dotar dunha mellor difusión turística a zona.

A creación de sendas, miradoiros e rutas paisaxísticas ó seu paso polas inmediacións, lograron un entorno atractivo para unha visita complementaria á do propio monumento Balneario.

O Concello de Cortegada pretende realizar actuacións para mellorar as condicións de seguridade viaria no contorno do pantalán existente no acceso ao balneario histórico de Cortegada, así como a mellora da praza existente diante da fachada principal do propio edificio do balneario de 1937.



Terceiro.- O encontro da praza formigonada xunto ao pantalán sur atópase separada do terraplén a carón do río Miño por unha varanda construída con postes IPN con dous tubos horizontais, que se atopa en moi mal estado.

Actualmente, a praza de acceso ao balneario conta cunha zona de xardín e unha zona pavimentada con lousas de pedra. Esta zona axardinada atópase en mal estado debido ao custo que supón o seu mantemento, e ademais neste derradeiro inverno producíronse pequenos desprendementos de terra procedentes do terraplén posterior sobre a zona axardinada.

No entorno do pantalán, para mellorar a seguridade dos usuarios, proxéctase a eliminación da actual varanda, substituíndoa por unha nova formada a base de tubos de aceiro galvanizado, con postes, pasamáns e listón inferior en tubo 60x30x3 mm, e barrotes verticais intermedios, con paso inferior a 10 cm, en tubo 25*25*3 mm, con altura total de 1,00 m, ancorada ao pavimento con taco químico. A lonxitude da varanda existente, así como da nova varanda, será de 18m.

Usando como soporte a referida varanda, colocarase un rótulo en chapa de aceiro lacada coa lenda "CORTEGADA VILA TERMAL", para promocionar a actividade termal do concello.

En canto á praza de acceso ao balneario histórico, co fin de reducir os custos de mantemento da área axardinada existente, proxéctase o levantamento da terra natural en toda a súa superficie para dotar a esta área dun novo firme formado por unha soleira de formigón sobre a que se colocará un pavimento de lousas de granito, semellante ao existente no contorno. Ademais, como protección contra pequenos desprendementos do terraplén anexo, proxéctase a construción dun pequeno muro de cachotaría granítica, igual ao existente na traseira do edificio do balneario histórico.

Tamén se proxecta a eliminación dunha árbore existente no centro da parcela e a retirada do seu toco.



Con esta actuación quérese potenciar un elemento patrimonial do concello, favorecendo o uso e goce do entorno por parte de veciños e visitantes, revalorizando o patrimonio e fomentando o turismo patrimonial como un instrumento de reequilibrio territorial, o que supón a posta en valor turístico da citada infraestrutura.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Cortegada unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

